



GRUPO MUNICIPAL

María del Carmen Moreira Martínez, concelleira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra, e María Rey Martínez, concelleira do Grupo Municipal de Ciudadanos Pontevedra, presentan para o seu debate no Pleno e aprobación, se procede, facendo súa a solicitude da Plataforma Non á Ampliación da depuradora dos Praceres, a seguinte **PROPOSICIÓN CONXUNTA** para que **CONCELLO DE PONTEVEDRA REALICE UN PROXECTO DE PARQUE PÚBLICO CON INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE MÍNIMO IMPACTO NOS TERREOS CONTIGUOS Á DEPURADORA DOS PRACERES.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta de Galicia aínda non solicitou os permisos necesarios, de Costas e de Fomento, para actuar nos terreos do antigo campo de fútbol, pese a que o anteproxecto do emisario, que inclúe unha ampliación de 1300 metros cadrados da actual instalación, xa pasou a fase de exposición pública. Son numerosos os colectivos e as persoas, entre eles a propia Plataforma Non á Ampliación da EDAR, que presentaron alegacións durante esta fase.

Ante esta situación a Plataforma Non Á ampliación da EDAR, reunida en asemblea, resolveu por unanimidade solicitarlle ao Concello de Pontevedra que solicite a Costas unha concesión para actuar neses terreos en beneficio da veciñanza de Lourizán e de toda a cidadanía de Pontevedra. Posto que o pleno da corporación do Concello de Pontevedra aprobou rexeitar a ampliación da EDAR dos Praceres e posto que a Xunta de Galicia aínda non conta co permiso de Costas para ampliar a depuradora, Marea Pontevedra acolle a petición da veciñanza de Lourizán propón ao pleno de Pontevedra que apoie a seguinte:

PROPOSICIÓN:

- Que o Concello de Pontevedra realice, na maior brevidade posible, un sinxelo proxecto de parque público (árbores, bancos, etc) que inclúa infraestruturas deportivas de mínimo impacto, xa que no planeamento urbanístico vixente estes terreos están destinados a usos deportivos

- Que o Concello realice esta solicitude coa xustificación de tratarse dunha obra de interese xeral, desde o punto de vista social e ambiental. Que este parque, que se bautizaría co nome de "Parque da Dignidade", sexa un auténtico pulmón verde, nesta zona que soporta malos cheiros, axudando a purificar o aire, ademais de facer de barreira natural entre a zona humanizada e a zona industrial.
- Que o Concello lle solicite a Costas que en caso de que deneguen a concesión, proceda á maior brevidade posible á recuperación do Dominio Público Marítimo Terrestre ao seu estado orixinal.

Pontevedra, 13 de novembro de 2018

María del Carmen Moreira Martínez, concelleira de Marea Pontevedra



María Rey Martínez, portavoz de Ciudadanos Pontevedra

